XOSÉ ANTONIO VAZQUEZ COBAS, Concelleiro Portavoz do Grupo Municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)** neste Concello, presenta a seguinte solicitude ante a Comisión de Goberno e ante o Alcalde, **en relación a sinalización na rotonda do Cruce do Vilar en Carreira.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Afortunadamente estase rematando a rotonda do Vilar, non é sen tempo, mais podemos observar con abraio que a sinalización segue uns criterios errados que poden dar lugar a confusións. Na dirección cara ao Vilar os sinais indican "Olveira". Esa estrada é a CP7302 que comeza no Cruce do Vilar e remata en Artes, onde conecta coa CP7304 que vai até o cruce das Dunas onde desemboca na AC303, que si vai a Olveira e remata en Corrubedo. Xa que esa non é a principal vía de acceso directo a Olveira, parece máis adecuado que dita parroquia estea indicada na rotonda de Xarás e que na rotonda do Vilar se sinale "O Vilar" e, en todo caso, "Artes". Debemos lembrar que os sinais están para que a xente atope os lugares que busca, polo que non parece lóxico que os núcleos de parroquias como Carreira e Artes non figuren na sinalización. Aínda máis rechamante é que tampouco apareza a Praia do Vilar, cuxa única vía de acceso é a citada CP7302, e que ademais está situada no Parque Natural que recibe todos os anos uns 250.000 visitantes, sendo o máis visitado de Galiza. Cremos por todo isto que na actual dirección "Aguiño" debería indicar "Carreira - Aguiño" e na actual dirección "Olveira" debería indicar "O Vilar – Artes".

Por iso, o grupo municipal do BNG de Ribeira

SOLICITA:

Que o Goberno Municipal se interese ante a Deputación da Coruña polos criterios que se seguiron para as sinalizacións do Cruce do Vilar e demande a súa corrección.

Ribeira, marzo de 2014

Asdo.: Xosé Antonio Vázquez Cobas

Concelleiro Portavoz do BNG de Ribeira